

MANUAL DE INSTALACIÓN DO PROXECTO “O CAMIÑO PORTUGUÉS”.

Proxecto realizado por Itz'iar Paula Bangueses García durante unha licenza por formación no curso 2023/24. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Xunta de Galicia.

Índice

a) Tecnoloxías empregadas	1
b) Abrir un ODE como páxina web.....	2
c) Publicar en Moodle como páxina web.....	3
d) Publicar o ODE como arquivo descargable	8
e) Editar o ODE en eXeLearning	9
f) Publicar en Moodle como SCORM.....	12
g) Apariencia na Aula Virtual	15

a) Tecnoloxías empregadas

Este recurso foi elaborado co programa [eXeLearning](#) debido a que:

- Permite a creación de contidos educativos dun xeito doado e intuitivo.
- É de código aberto.
- É gratuito.
- É compatible con calquera navegador web (FireFox, Chrome, Safari, ...).
- É compatible con todos os sistemas operativos (Linux, Windows e MacOs).
- Os contidos xerados con eXeLearning poden ser incluídos en Moodle (por exemplo, nas Aulas Virtuais e en Eva Edixgal).


No proxecto inclúense arquivos multimedia como documentos de texto (.pdf ou .odt), imaxes (.jpg ou .png), audios (.mp3) e vídeos (.mp4).

O proxecto está formado por 7 ODE, gardado cada un deles nun arquivo .zip


No mesmo arquivo zip están tanto o material en HTML como a ferramenta de autor empregada (arquivo editable .elp).

b) Abrir un ODE como páxina web

1º: Premer no botón dereito do rato para descomprimir os arquivos da carpeta zip.




2º: Abrir a carpeta cos arquivos descomprimidos e buscar o arquivo "index".



3º: Abrir o arquivo "index.html"

c) Publicar en Moodle como páxina web


1º: Abrir a aula virtual, entrar co nome de usuario e contrasinal e premer en “Activar a edición”:



2º: Elixir o apartado no que se quere engadir o ODE e premer en “Engadir unha actividade ou un recurso”




3º: Escoller a opción “ficheiro”:




4º: Escribir un nome para o recurso e premer na icona indicada


(ou arrastrar A CARPETA .ZIP desde a ubicación na que está gardado ao rectángulo da parte inferior e saltar o seguinte paso).




5º: Buscar A CARPETA .ZIP no dispositivo e enviar o arquivo:




6º: Premer no arquivo enviado:




7º: Descomprimir o arquivo:




8º: Buscar e premer no arquivo "index.html".



9º: Premer en “establecer como ficheiro principal”.



10º: Modificar o que se considere preciso (aparencia, axustes, etc.) e escoller unha das dúas opcións para gardar o recurso.



Este é un exemplo da presentación na Aula Virtual como páxina web:




Pódese pasar de páxina premendo nos títulos de cada apartado (parte esquerda) ou nas opcións “anterior” e “seguinte” (parte superior dereita).

d) Publicar o ODE como arquivo descargable

1º: Seguir os pasos que aparecen neste manual para “publicar en Moodle como páxina web” pero NON realizar os pasos 6 , 7 , 8 e 9.

e) Editar o ODE en eXeLearning


1º: Descomprimir os arquivos da carpeta zip.




2º: Descargar [eXeLearning](http://exelearning.net) na páxina web.




3º: Entrar en eXeLearning premendo na icona no noso dispositivo.



4º: Premer en “ficheiro” e “abrir”.




5º: Buscar a carpeta descomprimida e, nela, abrir o ficheiro “.elp”.



6º: Realizar os cambios que se consideren oportunos (como engadir, modificar ou eliminar apartados ou actividades).

7º: Escoller se se quere gardar o arquivo ou exportalo.

Para publicalo en Moodle como SCORM, recoméndase exportalo como SCORM 1.2




f) Publicar en Moodle como SCORM

- As actividades SCORM poden empregarse na Aula Virtual como unha ferramenta de avaliación.
- A presentación dos contidos é diferente.

1º: Abrir a Aula Virtual co nome de usuario e contrasinal.

2º: Premer en “activar a edición” e en “engadir unha actividade ou un recurso”.


3º: Escoller a opción “paquete SCORM”.



4º: Escribir un nome e engadir a carpeta SCORM obtida seguindo os pasos de “Editar o ODE en eXeLearning” deste manual.

■ Engadindo un novo Paquete SCORM


▼ Xeral


Nome 


Descrición

Presentar a descrición na páxina do curso ?

▼ Paquete

Ficheiro de paquete 

 Ficheiros

 Tui exportad...

5º: Modificar o que se considere preciso e escoller unha das dúas opcións dispoñibles na parte inferior para “gardar”.

▶ Aparencia

▶ Disponibilidade

▶ Cualificación

▶ Xestión de intentos

▶ Configuración de compatibilidade

▶ Axustes común do módulo

▶ Restringir acceso

▶ Etiquetas

▶ Competencias

Este é un exemplo da presentación na Aula Virtual como SCORM:

aria A

A / Xeral / ODE O Camiño de Santiago - Tui SCORM

The screenshot shows the SCORM interface for 'ODE O Camiño de Santiago - Tui SCORM'. It features a sidebar on the left with a plus sign and a gear icon. The main content area has two tabs: 'Información' (selected) and 'Informes'. Below the tabs, the following statistics are displayed:

- Número de intentos permitidos: Sen límite
- Número de intentos realizados: 0
- Método de cualificación: Intento máis alto
- Cualificación informada: Ningún

Below the statistics, the mode is set to 'Normal' (selected) with 'Vista previa' as an alternative. A blue 'Introducir' button is located at the bottom.






Premer en “introducir”.

The screenshot shows the SCORM interface after clicking the 'Introducir' button. The main content area displays 'Información xeral' and a 'Completa' status with a thumbs-up icon. Below this, the text reads: 'Completa o esquema, arrastrando cada palabra ao seu lugar.' A progress bar shows 00:00 / 00:26. The score is displayed as #10 with 0 correct, 0 incorrect, and 0 bonus points. The words to be placed are: 17300, García Segret, Internacional, Monte Aloia, Pontevedra, Sotelo, de Santa María, servizos, tudense, and ó Cabalo Salvaxe.

Pódese pasar de páxina pulsando as frechas do despregable (arriba á esquerda) e quedan marcados os apartados xa abertos.

g) Apariencia na Aula Virtual

Estas son as diferentes iconas coas que se publican os contidos na Aula Virtual.

- +  O Camiño de Santiago - Tui ficheiro descargable 
- +  O Camiño de Santiago - Tui - páxina web 
- +  ODE O Camiño de Santiago - Tui SCORM 